



RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE MARZO DE 2004, POLA QUE SE ACORDA A REORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CENTRO DE POSGRAO, TERCEIRO CICLO E FORMACIÓN CONTINUA.

A reforma administrativa da xestión académica da Universidade de Santiago de Compostela aprobada en Xunta de Goberno de 28 de febreiro de 2002 contempla a integración de todos os procesos administrativos na estrutura organizativa do Servizo de Xestión Académica.

Co obxecto de ir avanzando na integración dos procesos administrativos procede que, a xestión académica do Terceiro Ciclo e de Posgrao, así como as unidades orgánicas responsables da mesma, que na actualidade están adscritas ó Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, se integran no Servizo de Xestión Académica.

É polo que este Reitorado RESOLVE:

Primeiro.- Integración no Servizo de Xestión Académica.

1. A Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, o Negociado de Terceiro Ciclo e o persoal posto base intégranse orgánica e funcionalmente no Servizo de Xestión Académica.
2. O Servizo de Xestión Académica a través da Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua será o órgano de xestión académica dos alumnos de Terceiro Ciclo e de cursos de Posgrao e Formación Continua.
3. O Servizo de Xestión Académica prestará o asesoramento e asistencia técnica que precise ó vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente e ás comisións de Terceiro Ciclo e Posgrao.

Segundo.- Funcións da Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua.

1. Esta sección como encargada da xestión académica derivada da oferta dos estudos de Terceiro Ciclo, Posgrao e Formación Continua terá encomendada as seguintes funcións:
 - Xestión Académica que se derive da oferta académica de Terceiro Ciclo, Posgrao e Formación Continua (organización da matrícula e das súas modificacións, control da admisión de alumnos e dos seus expedientes, control de actas, certificacións, xestión de teses, depósito de título, execución dos actos de xestión académica que acaden as comisións e os actos consecuentes que deles se deriven, e aquelas outras que se deriven da xestión académica do terceiro ciclo, posgrao ou formación continua).
 - Control económico da matrículas e dos actos que devenguen prezos.
 - Elaborar proposta, de acordo coa programación anual do vicerreitor e das comisións, das convocatorias de matrícula necesarias.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Apoio técnico ó vicerreitor e ás comisións no ámbito das funcións encomendadas.
- Aquelas outras necesarias para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2. Funcións do Negociado de Terceiro Ciclo:

Este negociado terá como principais funcións a execución dos actos derivados dos estudos de Terceiro Ciclo

Terceiro.- Funcións de planificación e xestión económica

As funcións de planificación, elaboración da oferta académica; relacións exteriores; elaboración de convenios e o seu control e a xestión económica do CPTF, agás a derivada da xestión académica, quedarán no ámbito do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, que serán executadas a través do persoal técnico e de secretaría que quedan adscritos.

Cuarto.- Desenvolvemento

A Secretaría Xeral de acordo co vicerreitor de Terceiro Ciclo e Extensión Docente, dictará as instrucións ou propondrá as resolucións que sexan necesarias como consecuencia da presente integración administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2004

O Reitor

O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado
(Por delegación r.r. de 27 de febreiro de 2004)




Xosha Méndez Paz

SR. VICERRECTOR DO TERCEIRO CICLO E EXTENSIÓN DOCENTE; SR. SECRETARIO XERAL; SR. XERENTE; SR. VICEXENTE DO CAMPUS DE LUGO; SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SR. DIRECTOR DO CENTRO DE POSTGRAO, TERCEIRO CICLO E FORMACIÓN CONTINUA; SRA. XEFA DE SERVICIO DE XESTIÓN DE PERSOAL